



## ESPECIALIDADE DE AUDICIÓN E LINGUAXE E PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA

### ATENCIÓN AO ALUMNADO CON N.E.A E.

**Mestras:** Sandra Del Rio Vieites, mestra de A.L.

María del Carmen Portos Fuentes, mestra PT

Alba Ramos Vizcaíno, mestra de A.L, compartida co CEIP Mesón do Vento

Desde as especialidades de Audición e Linguaxe e de Pedagogía Terapéutica iniciarase o período escolar 2021-2022 co obxectivo de atender as necesidades específicas de apoio educativo existentes no centro. Priorizarase a atención individualizada do alumnado. Tentaremos favorecer en todo momento o proceso de ensino-aprendizaxe e o correcto desenvolvemento do alumnado. Así mesmo, atenderase prioritariamente aqueles casos que presenten dificultades máis graves.

Nas primeiras semanas de curso realizarase por parte das especialistas de PT e AL unha valoración da fala e linguaxe ao alumnado de 6º de Educación Infantil co fin de levar a cabo unha acción proactiva.

Atenderanse casos que presentan diferentes necesidades, derivadas de:

- Dificultades da linguaxe comprensiva e expresiva.
- Dificultades de articulación: dislalias e disglosias.
- Alteracións da voz: disfonía.
- Inmadurez e retraso escolar asociado.
- Desfase curricular.
- Trastorno no desenvolvemento xeral con dificultades graves de comunicación asociadas
- Incorporación tardía ao sistema educativo español con descoñecemento das linguas.
- TDAH
- TEA
- Síndrome de Noonan.
- Dificultades na lectoescritura
- Calquera outras que poidan xurdir.



## OBXECTIVOS

Baseándonos nas diversas e diferentes necesidades que presenta o alumnado atendido propoñemos os seguintes **obxectivos xerais**:

- Colaborar nas valoracións e identificacións das dificultades nos diferentes aspectos da linguaxe.
- Intervir directamente co alumnado que presente dificultades na linguaxe, oral ou escrita, tanto dentro coma fóra da aula, así como noutras necesidades.
- Recopilar e elaborar o material que sexa preciso para a atención do alumnado que recibe apoio educativo.
- Utilizar as Tics como recursos compensadores de dificultades e como fonte de recursos na atención co alumnado con NEAE.
- Colaborar e coordinarse cos titores, mestres especialistas e co departamento de orientación para trazar un camiño conxunto na atención do alumnado que recibe apoio educativo.
- Dar pautas e recomendacións ás familias e colaborar con elas dentro do que sexa posible, na atención dos alumnos/as con NEAE.
- Colaborar con outros profesionais que traballen cos nenos/as que reciben apoio educativo (atención temperá, logopedas, psicopedagogos, especialistas clínicos...).
- Introducir e perfeccionar a aprendizaxe das linguas oficiais da Comunidade no caso do alumnado estranxeiro.
- Garantir a integración escolar e social.
- Facilitar o desenvolvemento das aprendizaxes básicas instrumentais.
- Fomentar actitudes participativas que favorezan a integración, autoconcepto e autoestima positivos.
- Desenvolver aprendizaxes básicas e funcionais que lles permitan vivir de forma máis autónoma e normalizada posible.
- Traballar as capacidades básicas (atención, percepción e memoria) que lles facilitan as aprendizaxes.

## RECURSOS MATERIAIS

Entre os recursos materiais están as instalacións do centro, os medios técnicos (audiovisuais, informáticos, curriculares...) e os materiais de posible uso didáctico. Especial importancia ten a utilización das Tics, sendo o ordenador, un recurso que ofrece grandes posibilidades.



Para axustar a aprendizaxe ás NEAE, é necesario dispoñer dun material de apoio específico,

como as tablets, que permita progresar na superación das dificultades. Salientar a programación de SAAC para favorecer a comunicación e a lectoescritura do alumnado que o precise.

## METODOLOXÍA

A metodoloxía centrarase no desenvolvemento integral do alumno e a ensinanza adaptarase aos distintos ritmos de aprendizaxe e ó nivel de competencia curricular dos alumnos e alumnas. Buscaremos dar súas resposta as súas necesidades, en función das súas particularidades, capacidades, intereses e motivación desenvolvendo as aprendizaxes significativas, comprensivas e funcionais.

Buscarase manter un clima de traballo relaxado e agradable, mediante:

- Unha programación diaria flexible e aberta aos estados emocionais, nivel de fatiga, tratando de espertar o seu interese, curiosidade e motivación para aprender.
- Cambios frecuentes de actividade que faciliten combinar actividades lúdicas e relaxadas con outras que esixan un maior nivel de atención e esforzo mental.
- A adecuación das actividades á capacidade e ritmo individual do alumnado, favorecendo un autoconcepto e unha autoestima positivos.
- Elaboración de material específico integrador e individualizado.

## AVALIACIÓN

A avaliación será *global*, tendo en conta o grao de consecución dos obxectivos marcados nun principio.

A avaliación será *continua e formativa*, mediante a análise das tarefas realizadas polo/a propio/a alumno/a diariamente, coa concreción dos resultados en reunión de avaliación trimestral conxunta de tódolos profesionais participantes. No caso das ACs, levarase a cabo un seguimento periódico.

A nosa actuación verase modificada polos resultados que se vaian acadando progresivamente.